

A. S. Alonso Núñez / G. Navaza Blanco (2010): “*Devecer e a súa etimoloxía*”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 193-204.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Devecer e a súa etimoloxía

Aquilino S. Alonso Núñez
Gonzalo Navaza Blanco
Universidade de Vigo

Recibido o 10/02/2010. Aceptado o 01/03/2010

The etymology of *devecer*

Resumo

Neste traballo examinamos as diferentes propostas etimolóxicas suxeridas para o verbo galego *devecer* / *debecer* e presentamos unha nova proposta *DEBILESCERE, un verbo formado a partir do adxectivo DEBILIS. Este *DEBILESCERE explica mellor ca outras teorías as formas e os significados galegos actuais, de acordo con criterios fonéticos, semánticos e morfolóxicos.

Palabras chave

Léxico, etimoloxía, ortografía

Sumario

1. *Debecer* / *devecer* nos dicionarios e no galego actual. 2. Hipóteses etimolóxicas para *debecer* / *devecer*. 2.1. Sarmiento. 2.2. García de Diego. 2.3. Corominas e Pascual. 2.4. Aníbal Otero e outras explicacións etimolóxicas. 3. *Adoecer* e mais *devecer* / *debecer* non teñen parentesco etimolóxico. 4. Proposta etimolóxica de relación co adxectivo latino DEBILIS. 5. Cabo.

Abstract

In this paper we examine various etymological proposals for the Galician verb *devecer* / *debecer*, and advance a new proposal deriving it from *DEBILESCERE, a verb formed from the adjective DEBILIS. This hypothesis explains the current Galician forms and meanings better than other theories according to phonetic, semantic and morphological criteria.

Keywords

Lexicon, etymology, spelling

Contents

1. *Debecer* / *devecer* in the dictionaries and in present-day Galician. 2. Etymological hypotheses for *debecer* / *devecer*. 2.1. Sarmiento. 2.2. García de Diego. 2.3. Corominas e Pascual. 2.4. Aníbal Otero and other proposals. 3. No etymological connection between *adoecer* and *devecer* / *debecer*. 4. Our proposal: relationship to Latin DEBILIS. 5. Conclusion.

1. *DEBECER* / *DEVECER* NOS DICCIONARIOS E NO GALEGO ACTUAL

No galego existe un verbo *devecer* ou *debecer* (e variantes) que aparentemente non ten paralelo exacto noutras áreas lingüísticas. Carecemos de atestacións medievais en romance (non consta no TMILG nin no DDGM) que poidan axudar a esclarecer a súa etimoloxía. No CODOLGA vemos un documento de Sobrado datado no ano 985 que na edición de Pilar Loscertales parece conter unha forma de participio axente deste mesmo verbo:

item concedo ad ipsum locum et ad ipsos sanctos pro remedio anime mee uilla que uocitant Sautello, Eube deuecente montibus, Lua inter Asturias diuident et Galletia

É unha atestación insegura, pois a edición de Nicandro Ares (tamén tomada do CODOLGA) ofrece unha lectura diverxente:

item concedo ad ipsum locum et ad ipsos sanctos pro remedio anime mee. uilla que uocitant Saute-
llo. Eube. deiiecente montibus. Lua. inter Asturias diuident et Galletia

Deste xeito, a primeira documentación que posuímos de *devecer* é a que nos achega Sarmiento, quen tamén suxire unha explicación etimolóxica:

«*Devecér*. Mermar, v. g. *este niño deveceu la mitad*, esto es, descreció; *este vino deveceu*, minoró o mermó. Del verbo *deficio*, *deficere*, *devecer*. La F en V. (CatálogoVF 1745-1755, en Santamarina *DdD*, s.v. *devecér*)»

Desde Sarmiento vén presentando grafía vacilante: *devecer* ou *debecer*. Esta segunda, con *b*, é a maioritaria nos dicionarios do século XIX e do XX, e tamén na tradición literaria ata datas relativamente recentes, pero no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* figura con *v* e esa é a grafía con que o recollen os dicionarios normativos actuais.

As acepcións que lle asignan os dicionarios a este verbo poden reducirse a dous grupos: o primeiro relacionado co significado de ‘ansiar, apetecer ou desexar ardentemente’ e o segundo co de ‘mermar, diminuír, enfraquecer’. Se ben en Sarmiento é este segundo significado o único que aparece, na tradición lexicográfica predomina o outro, como primeira e mesmo como única acepción. Resumimos aquí o que ofrecen as fontes incluídas no *Diccionario de Dicionarios* (Santamarina 2006-2009), ademais da mencionada de Sarmiento:

F. X. Rodríguez (1863): *DEBECER* v. Degorar.

Cuveiro Piñol (1876): *DEBECER* v. DEGORARASE y DEGÓDIZO.

Marcial Valladares (1884): *DEBECERSE* v. DEGARARSE

F. Porto Rey (1900c) *DEBECER* v. Desesperarse por conseguir alguna cosa que se busca, mortificarse por poseer algo que se desea. Degorarse.

X. Filgueira Valverde et al. (1926): *DEBECER* v. Desear ardentemente.

L. Carré Alvarellos (1928-1931): *DEBECER* v. a. Ansiar. Desear una cosa con vehemencia. Apetecer. Ambicionar. Véase *cobizar*, *arelar* y *degorar*.

B. Acevedo - M. Fernández (1932): *DEBECER*. Anhelar, apetecer. Ús. desde Valdés al Eo, y en gall. y portugués. F.

— *DEVECER*. Sentir ansia de algo; desear con avidez. En Oviedo, *enagüar*. V. *ADEVECER*. A.

— *ADEVECER*. Alampar, desear ardentemente una cosa, principalmente de comer o beber. *Adevecen los niños cuando ven comer a otro*. No toma la forma incoativa del cast., y dice: *adevezo*, *adevecas*; *adeveza*, *adevezas*. Us. de Luarca al Eo. F.

J. Ibáñez Fernández (1950): *DEBECER* v. a. Ansiar. Apetecer.

Aníbal Otero (1951): *DEBECER*. Anhelar, apetecer. FA. del lat. “DOLESCERE” (HE02)

- ADEVECER. Alampar, desear ardientemente una cosa, principalmente de comer o beber. FA. del lat. "DOLESCERE" (HE02)
- Aníbal Otero (1977): DEBECER *intr.* Alamear. Menguar, 3 acep. Var. *adebecer. bazar*, menguar la luna, y bazante, f. Menguante de la luna, en Adelán: *Na bazante da luna.* (VSP)
- Eladio Rodríguez (1958-1961): DEBECER v.a. Ansiar. Anhelar, desear con vehemencia una cosa. || Apetecer, ambicionar un alimento que mitigue el hambre o una golosina que satisfaga el gusto: DEGORAR. || Calmar, templar uno la acritud de su carácter: *cando o xenio che debeza será outra cousa* (Prado Lameiro. Farsadas). || v. n. Decaer, menoscabarse el ánimo o los arrestos. || Enflaquecer, ir perdiendo carnes. || Ir a menos algunas cosas, como la luz que se extingue, las costumbres que desaparecen, etc.
- DEBECERSE v.I. Consumirse, desvivirse por algo que se desea con avidez || Sentir vehementes deseos de una cosa tras de la cual parece que se van los ojos: DEGORARSE. || Desalentarse, debilitarse, quebrantarse el vigor, los ánimos, el carácter, etc.
- X. L. Franco Grande (1972): DEBECER v. Ansiar, anhelar, desear con vehemencia una cosa; degorar. || Calmar, templar uno la actitud de su carácter; *cando o xenio che debeza será outra cousa.* || Decaer, menoscabar el ánimo o los arrestos. || Enflaquecer. || Ir a menos. || Apetecer. Ambicionar. || *cobizar, arelar.* || Malparir por ver algo que no se puede conseguir, aplicado especialmente a animales y, en sentido figurado a personas, sobre todo cuando se tiene muchas ansias de algo. Ej.: *Vai debecer si non lle das o que pide.*
- ADOBECER v. Rabiarse, desesperar: *adobece por marchar. Está adobecido de fame.*
- E. Rivas (1978): DEVECER i Enflaquecer, menguar (Fondo de Vila): *Tes que comer ben, que deveciche moito; deveceuche a roupa ou medrache tú.* El dicc. trae los significados: *decaer de ánimo, ansiar.* Éste último tiene en Dragonte, como vemos por el dicho: *Devece como gato por a manteiga.* (FrampasI)
- E. Rivas (2001): DEVECERSE v.p. Desesperarse. *Il devécese por ir.* Camba, Laza, Our. Cf. *devecer, deveza*, en Frampas I, II.(FrampasIII)
- Constantino García (1985) DEBECER v. 1. (Com. Mel. Ced. Cre. Gui. Fri. Gun. Bur. Sua. Ped. Mon. Ver.), *adebecer* (Ver.) anhelar, desear. || 2. (Ped. Xun. Mez.) adelgazar; || 3. var. de *debalzar* 2. [debalzar 2. (Sad. Com.), *debecer* (Bur.) entrar la luna en el cuarto menguante].
- ADOBECER v. var. de *adoecer.*

No uso correspondente ó significado de 'minguar, enfraquecer', 'debilitarse' (e 'devalar -a lúa-', 'decaer o ánimo' 'consumirse', etc.), *devecer* é intransitivo, tal como fan constar algúns dicionarios e como confirman os exemplos (*tes que comer ben, que deveciche moito*). Cando o significado é 'ansiar, desexar ardentemente', aínda que normalmente non consta de maneira explícita nos dicionarios, o verbo rexe preposición: *devecer por, devecerse por*, como confirman tamén os exemplos (*devece pola manteiga, devécese por ir*). Na tradición literaria está presente así mesmo esa diferenza, non sendo nalgúns autores recentes onde excepcionalmente podemos atopar usos anómalos (ou non tradicionais) de *devecer* como transitivo coa acepción de 'desexar, ansiar, cobizar', posiblemente tomada erradamente dos dicionarios. Velaquí uns exemplos do CORGA:

devecendo unha fartura que a súa terra lle negaba (R. Vidal Bolaño)

¡Que máis pode devecer un home (...)! (R. Vidal Bolaño)
para conseguirla devecida capitalidade cultural (Neira Cruz).

Neste último caso, o adxectivo participial *devecido* aparece cun significado de 'desexado, ansiado' oposto ó que recolle a tradición lexicográfica (Eladio Rodríguez: *Devecido. adx. Deseoso, ansioso de algo que se anhela vivamente*).

2. HIPÓTESES ETIMOLÓXICAS PARA *DEBECER* / *DEVECER*

2.1. Sarmiento

Como vimos, a primeira proposta etimolóxica para *devecer* formulouna o Padre Sarmiento ó suxerir o latín DEFĪCIO (DEFĪCĒRE) con evolución de -F- a -v-. En latín DEFĪCIO, creado con DE + FACIO, significaba como verbo intransitivo 'separarse de algo, desprenderse de algo; abandonar, traizoar; faltar, ter falta ou necesidade, cesar, desmaiar; eclipsarse; mostrar falta de enerxía, de decisión; apagarse; terminar; deixar de pagar' e como verbo transitivo 'cesar, deixar, abandonar, renunciar a; faltar a' (Blánquez s. v. *deficio*). Os primeiros significados (que conteñen o trazo semántico de 'separación' achegado polo prefixo DE-) non conducen ós do *devecer* galego actual, mais si os de varios dos seus usos figurados, como 'desmaiar', 'apagarse', 'terminar' e outros. Algúns dos exemplos que recolle Gaffiot en César e en Cicerón son moi próximos ós usos de *devecer* en galego: «*animo deficere* [...] ou *deficere* seul [...] perdre courage» e tamén *memoria deficit, luna deficit...* (Gaffiot s.v. *dēficio*). No dicionario de Niermeyer de latín medieval figura o significado de 'morrer' como primeira acepción (Niermeyer 1976, s.v. *deficēre*). Desde o punto de vista fonético tamén resulta verosímil esta etimoloxía (cf. latín DEFENSA > galego *devesa*).

Sarmiento ofrece ademais unha etimoloxía paralela, formada para outro verbo intransitivo *avecer* 'ser proveitoso':

Avecuille. Aprovechar. Diósele un medicamento fuerte e aveceulle. De proficio o afficio (DdD, s.v. *avecuille*).

Corominas e Pascual examinan a proposta de Sarmiento para *devecer* e *avecer* e apóñenlle tres obxeccións; a principal é de carácter fonético e refírese a *avecer* (o dobre FF de AFFĪCERE non pode sonorizar), en tanto que as outras dúas (a ausencia de sobrevivencias de DEFICERE nos romances e a remotivación a partir de FACERE nos verbos derivados que en latín presentaban apofonía) son menos indiscutibles e só recoñecen a excepcionalidade da evolución suxerida por Sarmiento, non a súa imposibilidade. Dado que Corominas e Pascual admiten, como Sarmiento, parentesco etimolóxico entre *avecer* e *devecer*, rexeitan a hipótese no seu conxunto:

Como etimología propone Sarm. DEFICERE y AFFICERE, pero éste no sirve fonéticamente, pues -FF- no se podía sonorizar; DEFICERE 'faltar' sí podría ser en rigor, pero no es verosímil porque no ha quedado en ningún romance y es sumamente probable que la F se hubiese conservado por influjo de FACERE y que éste además lo hubiese cambiado en *DEFACERE (DCECH, s.v. *deber*).

2.2. García de Diego

Vicente García de Diego recolle *adevecer* como propio de Asturias (non precisa localización, quizais corresponda á área occidental, onde o recollen Acevedo e Fernández, como vimos antes) e propón un étimo *AVESCERE ó cal lle asigna o significado de 'desexar' (García de Diego, s.v. *adevecer*). Este suposto *AVESCERE sería un verbo formado sobre o latín clásico VESCOR 'alimentarse'. Aínda que desde o punto de vista semántico se puidese admitir como verosímil o paso dun significado orixinario de 'alimentar' ós de 'aproveitar'/'desexar' presentes en

avecer/devecer, Corominas e Pascual rexeitan esta hipótese sostendo que non houbo pervivencia do VESCOR latino ou formas emparentadas en ningún romance (DCECH s.v. *deber*). Debemos engadir que desde o punto de vista morfolóxico, para *devecer* habería que explicar a duplicación do prefixo, ou triplicación nas variantes como *adevecer*.

2.3. Corominas e Pascual

O DCECH inclínase por relacionar *debecer* con *deber*: “*debecer* junto a *deber* sería como *fallecer* frente a *fallir*, *fenecer* junto a *finir*, como una especie de incoativo” (DCECH, s.v. *deber*). Deste xeito, *devecer* (*debecer*) e *avecer* (**habecer*) serían derivados mediante sufixo incoativo -SCERE a partir dos verbos correspondentes a DEBEO e HABEO. En última instancia, os dous verbos gardarían remoto parentesco etimolóxico entre si, dado que na súa orixe o latín DEBERE corresponde a DE + HABERE.

Esta hipótese resulta pouco verosímil desde o punto de vista semántico, xa que o significado orixinario dese suposto derivado de *deber* con sufixo incoativo sería ‘empezar a deber’ (Lloyd 2003: 266-268).

2.4. Aníbal Otero e outras explicacións etimolóxicas

Aníbal Otero propón para *debecer* e *adevecer* o latín DOLESCERE, como vimos. Así, estas formas serían variantes da máis común *adoecer* ‘enfermar’, ‘contraer a rabia’ ‘rabiarse’. Corominas e Pascual (DCECH, s. v. *doler*) relacionan o castelán *adolecer* ‘caer enfermo’ con *doler*; en latín existía ADOLESCERE, pero era un verbo incoativo intransitivo de *adoleo* (Blánquez, s.v. ADOLESCO) e significaba ‘crecer; adquirir vigor’, de xeito que por razóns semánticas non pode ser o étimo de *adoecer* (e do castelán *adolecer*) nin de *devecer*. O étimo de *adoecer* e *adolecer* ten que ser DOLESCERE, incoativo de DOLERE co significado de ‘aflixirse’ (Blánquez s.v. DOLESCO), reforzado co prefixo AD-. No caso de que *devecer* / *debecer* fosen variantes deste mesmo verbo, teríamos que aceptar unha evolución *adoecer* → *adovecer* → *adevecer* → *devecer* ou ben *adoecer* → *adovecer* → *dovecer* → *devecer*. A xeración dunha consoante labial a partir da vogal velar nese contexto é explicable (cf. *Seoane* > *Seivane* / *Savane*, *Sancta Eulalia* > *Santa Baia*) pero ofrece certas dificultades admitir o cambio da vogal pretónica *o* para *e* nese contexto fónico, precisamente ó contrario da tendencia do idioma, que polo regular altera a vogal palatal en velar por contacto con consoante labial (*semana* → *somana*, *levar* → *lovar*), e hai tamén obstáculos semánticos para explicar algúns dos significados presentes en *devecer* / *debecer*.

Outras explicacións etimolóxicas ofrecen aínda menos garantías, como a que supón parentesco co latín VITIUI, que xa foi rexeitada noutro lugar (Alonso Núñez 2008: 359-371) polas dificultades semánticas que presenta. De VITIUI derivouse o verbo *avezar* ‘habitarse’, o cal presenta un prefixo reforzador que se volveu no galego de hoxe inanalizable morfoloxicamente.

3. ADOECER E MAIS DEVECER / DEBECER NON TEÑEN PARENTESCO ETIMOLÓXICO

Un exame atento dos diferentes significados de *adoecer* e o noso verbo lévanos a concluír que non teñen parentesco etimolóxico. Constantino García (s. v. *adoecer* en Santamarina, DdD) considera que *adoecer* é voz común do galego, pero só recolle dela o significado de ‘rabiarse’. O significado de ‘caer doente’, ‘enfermar’ está ben atestado en galego desde a época medieval (DDGM). O significado de ‘contraer a rabia’, ‘rabiarse’ tamén o rexistra Constantino García para o verbo *adovecer* nos puntos da diocese iriense de Compostela, Santa Comba, Razo e Toba. En Razo atesta *doecer* como verbo transitivo significando ‘provocar a algún bicho perigoso’.

Adovecer existe noutros lugares da diocese iriense tales como Negreira e a comarca de Soneira. Nesta comarca *adovecer* ten os significados 'rabiarse', 'contrae-la enfermidade da rabia ou hidrofobia' e 'ansiarse moito unha cousa' (Romero Lema *s. v. adovecer*).

Vemos así que *devecer* / *debecer* e *adoecer* son sinónimos unicamente no uso que rexe preposición *por* co significado de 'ansiarse, desexarse', en tanto que no resto das acepcións os dous verbos teñen un valor distinto. Isto confirmanos os datos de Acevedo e Fernández para as falas de Asturias. Estes autores recolleron *debecer* dende Valdés ó Eo cos significados 'anhelarse, apetecer'; *devecer* co valor 'sentirse ansioso de algo, desexarse con avideza', e *adovecer*, atestado entre Luarca e o Eo, co significado 'desexarse ardentemente unha cousa, principalmente de comer ou beber'; en todos eses casos debemos entender que o verbo rexe a preposición *por*. En uso intransitivo, nesa mesma área *adoecer* significa 'rabiarse, caer enfermo de hidrofobia', e os autores consideran que esta forma, cuxo uso rexistran entre Valdés e o Eo, ten correspondencia coas galegas e portuguesas *adoecer* e *adueser*. Disto infírese que no territorio asturiano entre Valdés e o Eo existen dous verbos diferentes, por unha banda *adoecer* e por outra *debecer* / *adebecer*. *Adolecer*, con *-l-*, presenta nesa zona o significado 'caer enfermo de hidrofobia'. García Arias (*s. v. adebecer* e *adoecer*) tamén recolle *adebecer* / *debecer* 'desexarse algo vehementemente' en Tox (municipio de Navia), na zona Eo-Navia e en Mántaras (municipio de Tapia) e *adoecer* en Tox (municipio de Navia) co significado 'sufrir moito, doer' e na comarca leonesa de Los Argüeyos co significado 'doer'. Os dicionarios de portugués recollen para *adoecer* o significado 'caer doente, enfermarse' (Costa e Sampaio e Melo *s. v. adoeecer*) e no Brasil tamén existe o sentido 'menstruar' (Ferreira *s. v. adoeecer*).

Os significados que recolle o *Diccionario de Dicionarios* para *adoecer* poden explicarse facilmente dende o étimo latino (AD+) DOLESCERE. Este é tamén o étimo do verbo *doecer* de Razo e do minhoto *adocer* 'adoecer' (Gonçalves *s. v. adocer*). Nas formas que predominan en galego, en portugués e en asturiano, o étimo *dolescere* viuse incrementado cun prefixo de reforzo, que non engadiu ningún significado novo. Vexamos algúns pasos da semántica deste verbo *adoecer*. O significado incoativo 'empezarse a doer' xa aparece en latín transformado en 'aflixirse' para o verbo sen prefixo reforzador DOLESCERE (Blánquez *s. v. dolesco*). O significado 'caer enfermo', que se rexistra na actualidade e xa se documenta no galego medieval, o mesmo que sucede co correspondente castelán *adoecer*, é continuador do incoativo latino ('empezarse a doer' / 'caer enfermo' ou 'entrarse no estado do que está enfermo'). Unha especialización dese significado xenérico 'enfermarse, caer enfermo' é o específico 'padece-la enfermidade da rabia'. É moi posible que deste último xurdise a acepción 'rabiarse por desexarse de algo' en construcións rexidas pola preposición *por*; e foron este uso e significado de *adoecer* os que colisionaron cos de *devecer por* 'desexarse moito algo, morrer por algo, consumirse por algo'.

Esta colisión explica que en Constantino García (*s. v. adoeecer*) figure *adovecer* co significado 'rabiarse' como sinónimo de *adoecer* nalgúns lugares da diocese iriense. O mesmo fai este autor con *adovecido*, palabra que atesta en Razo co valor 'rabioso'. Dunha maneira simplificada, outros significados de *adoecer* que traen os dicionarios galegos son 'enfurecerse', 'padece un intenso dolor', 'sentirse unha fame canina que desespera' e 'desexarse ardentemente', sempre rexendo preposición *por*. Estes significados constitúen pequenas diferenzas de matiz con respecto ós significados explicados antes, e responden a unha evolución semántica similar á xa vista. Co significado de 'desexarse ardentemente unha cousa' atestou Eladio Rodríguez *adovecer* (DdD, *s.v.*), con cambio de *-l-* en *-r-*, en Ponteceso, lugar da diocese iriense. Esta alteración de líquidas posibilitou a conservación da consoante intervocálica. Tamén se conserva o *-l-* nas falas de Asturias menos occidentais (a oriente de Valdés), como era de esperar; lémbrese que incluso no galego oriental de Asturias, no oriente lugués veciño deste e nas falas galegas máis orientais do Bierzo hai conservación de *-l-* (Fernández Rei 1990: 57-58); a convivencia de *devecer* / *debecer* / *adovecer* xunto con *adoecer* nas áreas de Asturias referidas enténdese polo carácter fronteirizo dese territorio, onde conviven formas plenamente galegas (con perda do *-l-*) con outras máis orientais, onde o *-l-* se conserva.

En relación con isto, parece que *devecer* / *debecer* / *adevecer* responden a un estrato máis antigo que mostra a irradiación da perda de -l- dende Galicia (Penny 2004: 180-182) non só no territorio do galego de Asturias senón tamén nas zonas de transición entre o galego e o asturiano.

4. PROPOSTA ETIMOLÓXICA DE RELACIÓN CO ADXECTIVO *DEBILIS*

Para o verbo galego *devecer* / *debecer* propuxemos (Alonso Núñez 2008: 359-371) un étimo relacionado co adxectivo latino *DEBILIS* mediante o sufixo verbal incoativo en -SCERE. Ese **DEBILESCE* tería o significado orixinario de 'entrar no estado de débil' 'debilitarse'. *DEBILIS* en latín significaba 'débil, impotente, fraco, enfermo' (Blánquez s. v.). Do significado 'debilitarse, entrar no estado de débil' pode pasarse ós valores de 'minguar', 'enfraquecer', 'mermar' 'devalar (a lúa)', que ademais de atestarse nos lugares recollidos por Constantino García e por Elixio Rivas, tamén se rexistra en Tras-os-Montes (Portugal) coa grafía *debezer* (Dias e Tender s. v.) co significado de 'minguar'. A sibilante sonora desta grafía parece contradicir un étimo en -SCERE, pero pode non ter relevancia nunha área fronteiriza como a portuguesa trasmontana, que presenta moitas características fonéticas comúns co galego (e en rigor o mesmo se podería dicir do seu *b*, pois no portugués padrón esperaríamos -v- tamén no caso de proceder dun étimo con -b- intervocálico), ademais de que a publicación que a recolle non segue criterios absolutamente rigorosos na transcripción fonética, segundo recoñecen os propios autores (Dias e Tender 2005: 19-21). Así, por exemplo, nese libro recóllese o adxectivo *avecido* 'experto, sabedor' (Dias e Tender s. v.) e un verbo *avezar* 'louvar, enaltecerse' (Dias e Tender s. v.). Por outra banda, Santos rexistra nos falares trasmontanos casos anómalos de sonorización de sibilantes, como *zernidaira*, *belâzia* ou *lagartija* por *cernideira*, *melancia*, *lagartixa* (Santos 1967: 206).

Desde o punto de vista semántico, un étimo **DEBILESCE* dá razón dos significados de *devecer* / *debecer* como intransitivo e tamén dos usos con preposición ('desexar algo ardentemente'). O significado 'adelgazar' para *devecer* rexístrao Constantino García nos lugares do galego oriental de Pedrafitra (Lugo) e A Mezquita (Ourense) e no lugar do galego central de Xunqueira de Ambía. Este mesmo significado tamén o atesta Rodríguez Cruz (2007: 59) no galego zamorano de San Ciprián de Hermisende e Rivas en Xunqueira de Ambía, onde tamén rexistra o significado 'minguar'.

A acepción de 'desexar ardentemente' xorde sen problema dos significados explicados ('debilitarse ou consumirse de desexo por algo'). É certo que na construción *devecer por* o verbo é equivalente de *adoecer*, pero no mesmo contexto poderíamos empregar outros verbos de significados diversos (*devece polo xamón* - *adoece polo xamón* - *arrabea polo xamón* - *tolea polo xamón* - *morre polo xamón*...) e non por iso debemos consideralos sinónimos, pois pola mesma razón poderíamos ter por sinónimos de *devecer* os verbos *tolear* ou *morre* destes exemplos ou o *malparir* con que explica esta acepción Franco Grande no seu dicionario.

Para confirmar que *devecer* e *adoecer* veñen de dous étimos distintos tamén se pode aducir o que ocorre en Campobeceros (concello de Castrelo do Val, provincia de Ourense). Neste lugar *adoecer* significa 'estar malo; ir a menos' (*manqueime nun pé e estou adoecido*, *foi adoecendo hasta que morreu*). No primeiro exemplo deste lugar (*manqueime nun pé e estou adoecido*), *estou adoecido* equivale a 'estou malo' 'sinto dor'. No segundo exemplo (*foi adoecendo hasta que morreu*), *foi adoecendo* significa 'foi a menos'. En relación con este valor, cabe dicir que unha persoa adoeece 'vai a menos' porque está enferma ou porque vai indo vella e esmorece. Polo contrario, no mesmo lugar de Campobeceros, *devecer por* significa 'desexar algo moito, morrer -en sentido figurado- por algo' (*devezo por comer bandullo*; *estou devecido por comer bandullo*) e xerou o adxectivo e substantivo recategorizado *devecido* co significado de 'larpeiro' ou 'ansioso' (*é un devecido*), xa recollido por Eladio Rodríguez, como vimos. A persoa que adoeece ('que vai a menos, que está enferma') pode ser *devecida* ('larpeira', 'ansiosa') ou non.

Somos conscientes de que esta proposta etimolóxica presenta o inconveniente de que non está documentado *DEBILESCEERE en latín clásico nin no posterior. No entanto, a creación dun verbo incoativo que indica a entrada nun determinado estado, que é o do adxectivo que se toma como base de derivación, era algo perfectamente posible no latín como explica Lloyd (2003: 266-268). Para este autor, en latín, FLORESCERE, formado sobre FLOREERE 'estar florido', tiña un significado incoativo 'empezar a florecer', e dun xeito paralelo creouse unha nova serie de verbos en -ESCEERE baseados directamente en adxectivos (MATURUS 'maduro' → MATURESCEERE 'poñerse maduro').

Pena (1980: 30-31) sostén que o normal en latín é que para cada verbo da segunda conjugación, que acostuma designar un estado ou propiedade, se desenvolva outro en -ESCO de carácter incoativo e intransitivo, o cal indica a entrada nun estado ou a adquisición dunha propiedade (cf. CALERE 'estar quente' e CALESCERE 'quentarse', FOETERE 'feder' e FOETESCEERE 'pórse fétido').

Väänänen (1995: 237-238) mostrou que no latín vulgar os verbos en -ESCO adquiriron a posibilidade de designar estados. Pena (1993: 263-268) demostrou que, no castelán actual, -ece- non ten como privativo o valor incoativo xa que outros sufixos poden expresalo tamén. Por outra parte, a incoatividade convive na maioría dos verbos en -ec-e- coa causatividade, como tamén ocorre con outros sufixos verbais, salvo con -e-a-, onde se dá excepcionalmente. Este autor tamén considera que -ec-e- ten unha produtividade case nula no castelán de hoxe. Os datos de Pena acáenlle ben ó galego actual (Alonso Núñez 2008: 354-359), onde é posible crear verbos co circunfixo *en...-ec-e-* tales como *enyonquecer* 'entrar no estado de yonqui' e *encaquecer* 'volverse caqui'. Na actualidade tanto en castelán (Pena 1993) coma en galego bótase man de se para crear un verbo intransitivo a partir dun verbo transitivo. Así, do cultismo *debilitar*, que é un verbo transitivo, faise o verbo intransitivo *debilitarse* 'entrar no estado propio da debilidade, volverse débil'.

Pharies (s. v. -ec(er)) coída que o proceso que levou a crear verbos en -ESCO dende bases nominais se puido deber a que se crearon previamente verbos en -ESCO dende verbos denominativos (GELASCO ← GELO ← GELU, -US 'xeadá', FLORESCO ← FLOREO ← FLOS, FLORIS 'flor'). Este autor cita como derivados de bases nominais, quer substantivas, quer adxectivas, os seguintes verbos latinos: RADICESCEERE 'arraigarse' (← RADIX, -ICIS 'raíz'), PUERASCERE 'chegar á xuventude' (< PUER, -ERI 'rapaz'), MOLLESCEERE 'abrandarse' (< MOLLIS 'brando') e LONGISCEERE 'alongar' (< LONGUS). Poden verse máis exemplos deste tipo de verbos creados dende bases nominais en Pena (1980: 84-92).

En castelán hai verbos herdados do latín (*podreecer, engrandecer, encanecer*, etc.) e verbos creados no propio castelán. Entre estes son moi numerosos os derivados temperáns feitos directamente sobre adxectivos tales como *ennoblecer, enriquecer, embravecer, entrístecer, escurecer, blanquecer*, etc. Estes exemplos citaos Pharies (s. v. -ec(er)), quen tamén comenta a tendencia a que o prefixo se volva baleiro semanticamente e dea lugar a unha construción parasintética (*triste* → **en-trist-ec-e-r**). Para os verbos rematados en -ecer do castelán e doutros idiomas románicos ademais da bibliografía xa citada, poden consultarse tamén Allen (1981), Dworkin (1985) e Malkiel (1941).

No galego do concello ourensán de Castrelo do Val (Alonso Núñez 2008: 359-371), os circunfixos con -ec-e aparecen fundamentalmente en verbos derivados de adxectivos (*endurecer, entrístecer, enriquecer, engrandecer, envivecer, esclarecer, amolecer*, etc.). No traballo sobre esta fala asúmese a teorización de Scalise (1994: 220-222) sobre os parasintéticos para adaptala ó concepto de *circunfixo* entendido como afixo único descontinuo. Scalise defende que os parasintéticos se formaron en dous estadios evolutivos: primeiro, o sufixo crea un verbo, que pode non existir na actualidade, dende unha base nominal (*brutto* 'feo' → **bruttire*) e, despois, engádese o prefixo (**bruttire* → *imbruttire* 'afear').

Á proposta de Scalise, Alonso Núñez engade o baleiramento de significado do prefixo e a inexistencia do verbo sufixado para poder falar de auténtico circunfixo. Así, dado que no

galego de Castrelo do Val existen *viciar* e *enviciar* e *podreecer* e *apodreecer*, o *en-* de *enviciar* e o *a-* de *apodreecer* son prefixos de reforzo; agora ben, dado que na fala mentada só existe *esclarecer* e non **clarecer*, es ... *-ec-e* debe ser interpretado como un circunfixo que creou un verbo dende o adxectivo *claro*.

Para a circunfixación en portugués pode verse Rio-Torto (1998: 211-221). Esta autora cita como exemplos circunfixados con *-ec-e* feitos dende bases adxectivas: *amadurecer*, *amolecer*, *apodreecer*, *endoidecer*, *enraivecer*, *ensurdecer*, *entristecer*, *envelhecer*, *esclarecer*, *engrandecer* e *empalidecer*. Con bases substantivas cita menos verbos (*amanhecer*, *anoitecer*).

Así pois, debemos considerar que a creación dun verbo intransitivo a partir dun adxectivo foi un procedemento vivo no latín, tal como din Lloyd, Pharies e Pena. Como procedemento vivo, tivo necesariamente que permitir crear máis verbos deste tipo cós que figuran recollidos nos dicionarios e nas fontes escritas. Para soste isto, baséamonos nunha concepción dinámica do léxico (Alonso Núñez 2008: 349-351): o léxico é e foi algo aberto a novas creacións e exposto a perdas, e non un *corpus* cerrado de formas atestadas. Para estudar o léxico do pasado, valoramos os datos que achegan os textos dese pasado, pero tamén nos parecen moi valiosas, para compensar a penuria dos datos, as hipóteses ben elaboradas argumentativamente.

En definitiva, pensamos que a nosa proposta etimolóxica é completamente verosímil desde o punto de vista fonético e semántico. Por outra banda, noutras áreas románicas existen verbos derivados de DEBILIS como o italiano *indebolire* e o castelán *endeblecer*. O italiano *indebolire* proporciona un argumento morfolóxico a favor da nosa hipótese. Do adxectivo *debole* (< DEBILIS) debeuse crear o verbo **DEBOLIRE* e deste, con prefixo reforzador, INDEBOLIRE; ó non estar atestado **debolire* no italiano actual, hai que interpretar *indebolire* como formado cun circunfixo *in... i-re* ou como fai Iacobini (2004: 174-176) como verbo parasintético deadxectivo. Do mesmo xeito, **DEBILISCERE* 'entrar no estado de débil' xurdiu dende o adxectivo DEBILIS e o verbo *adevecer* pode remontarse á unión do prefixo reforzador AD e o verbo **DEBILISCERE*. As evolucións fonéticas do galego fixeron que os falantes perdesen a motivación entre a forma base e as derivadas. Por outra parte, a lingüística románica ten asumido que o hispano-portugués creou para moitos verbos en *-ir* unha forma secundaria en *-ecer* (Meyer-Lübke 1974: 665). No italiano actual, os verbos do tipo *capire* presentan nalgunhas formas unha raíz incrementada (**capisc-**o) co antigo sufixo incoativo.

Corominas e Pascual (s. v. *endeble*) explican o adxectivo castelán *endeble* como derivado do latín vulgar suposto **INDEBILIS*, formación co prefixo IN- de reforzo e non co prefixo -IN negativo. Tamén pensan estes autores que a voz castelá pode vir do francés antigo e medio *endeble*. Non nos parecen adecuadas ningunha destas propostas. Por un lado, en francés o adxectivo preferido é *faible* e, por outro, sería unha rareza extrema que DEBILIS, adxectivo que xa ten un prefixo (DE + HABILIS), se transmitise ó castelán co prefixo de reforzo IN-, xa que **INDEBILIS* podería levar a interpretar o contrario ('non débil') do que significa ('débil').

Adheríndonos á proposta de formación parasintética de Scalise xa comentada, pensamos que é mellor postular que xa en latín se creou dende a base adxectiva DEBILIS o verbo **DEBILISCERE*, o cal foi reforzado co prefixo IN- (**INDEBILISCERE*). A evolución de INDEBILISCERE a *endeblecer* non presenta ningunha pexa fonética nin semántica. De *endeblecer* xerárase a formación regresiva *endeble* igual ca, por exemplo, *embarque* se creou dende *embarcar*.

Tamén pode postularse outra explicación para *endeble* como derivado romance regresivo de *endeblecer*. Pódese supor que DEBILIS deu en castelán **deble* e que dende este se creou **deblecer*, o cal se reforzou cun prefixo e deu *endeblecer*. De *endeblecer* puido xurdir a formación regresiva *endeble* como xa explicamos. No castelán só atestamos *endeble* e *endeblecer* (García Gallarín 1998: 46) pero as palabras *deble* e *deblecer* están rexistradas por algúns dicionaristas galegos (Santamarina s. v. *deble* e *deblecer*). Semella que *deble* entrou tarde no galego e tamén semella que pode ser antes unha voz emprestada ca unha voz autóctona. No galego actual, a verba *endeble* foi recollida en Toba (Constantino García s. v. *endeble*).

Volvendo ó verbo que nos ocupa, é probable que fose a hipótese que parte de DOLESCERE a que levou a establecer como grafía normativa *devecer*, segundo o criterio fundamentado en razóns etimolóxicas para os casos de *b* / *v* ou *h*- (*Normas* 2003, 18-20), modificando a grafía maioritaria que se viña usando nos dicionarios e na tradición literaria. A consoante representada como *v* non é propiamente etimolóxica senón xerada polo contexto vocálico; representala como *v* ou *b* é pura convención, e xa vimos que na toponimia se fixaron como normativas formas escritas con *v* e outras con *b* para casos semellantes. A etimoloxía que parte de *DEBILESCERE levaría a considerar a proposta gráfica *devecer* como unha excepción do criterio etimolóxico (como sucede en *inverno*, *España* e outros casos...) ou ben a modificala en *debecer*.

5. CABO

As diferentes propostas formuladas para explicar a etimoloxía de *devecer* ou *debecer*, non sendo a de Sarmiento, parten de derivados en -SCERE. A de Corominas presenta certo parentesco etimolóxico, aínda que moi remoto, coa nosa, dada a orixe de DEBILIS en DE + HABILIS (e de DEBEO en DE + HABEO). De ser absolutamente fiable a forma *debezer* recollida no portugués de Tras-os-Montes, ningunha desas hipóteses sería válida, pois de -SCERE esperaríamos unha sibilante xorda; o étimo que suxire Sarmiento, que ofrece un étimo con -C- intervocálico, si explicaría a sonora. Como vimos, a obxección fonética que lle apoñen Corominas e Pascual afecta unicamente a *avecer*, dado que o -FF- resultante de AD + FACERE (> AFFICERE) non sonorizaría; por outra banda, o latín AFFICIO tiña significados moi diverxentes do galego *avecer*; Niermeyer asígnalle os de "léser, nuire a qq'un" en francés e en inglés "to injure, to do wrong" (Niermeyer s.v. AFFICERE) e significados semellantes atopamos en Blánquez (s.v. AFFICIO) e en Gaffiot (s.v. ADFICIO), moi distantes dos significados de *avecer*. Lémbrese tamén que son distantes dos significados do *devecer* actual os significados primarios de DEFICERE. Con todo, é de advertir que Sarmiento suxire como étimo latino de *avecer* en primeiro lugar PROFICIO, que convén desde o punto de vista semántico, e logo AFICIO (con *f* simple no manuscrito, corrixido en AFFICIO polo editor, X. L. Pensado, segundo se indica en nota); quizais debamos entender que Sarmiento ve ousadamente nese *AFICIO non a continuación do ADFICIO ou AFFICIO clásico latino senón unha variante de PROFICIO con cambio de prefixo. Agora ben, esta ousadía de Sarmiento non só contravén as tendencias fonéticas do latín, senón que tamén ten en contra o feito de que a base de derivación se volvese opaca. Tampouco é un argumento favorable á hipótese de Sarmiento a existencia en galego de *adevecer*, xa que non resulta moi explicable que a suposta oposición *devecer* / *avecer* se mitigue engadindo a *devecer* o prefixo *a-* (*adevecer*).

Polo que se refire á outra obxección que lle apón Corominas, a de que os verbos latinos derivados de FACERE con apofonía foron remotivados en romance a partir de FACERE ou de *facere*, regularizándose, temos que recoñecer que é certo que nas familias apofónicas normalmente hai remotivación, e así acontece coa maior parte dos derivados de *facere* no galego actual, que son refeitos sobre este verbo (*refacer*, *desfacer*, *afacerse*, *desafacerse*) e non herdanza do latín, que presentaba o *a* radical de *fac-* alterado en *i* (REFICIO), pero non faltan excepcións en casos en que a competencia dos falantes xa perdera o vínculo entre o primitivo e o derivado, e na familia de FACERE temos o exemplo de PROFICIO 'aproveitar'. O romance *aproveitar* é recreación a partir de *proveito*, procedente do participio PROFECTU, pero no galego e no castelán medievais existiu *provezer* (< lat. PROFICERE) co mesmo significado. O TMILG recolle un exemplo galego das Cantigas de Santa María:

E os soberviosos || d' alto vas decendo, || e os omildosos || en onrra crecendo, || e ãadendo || e provezendo || tas santas grãadeces.||

En conclusión, cremos que en tanto non dispoñamos de máis información non se pode formular unha etimoloxía incontrovertible para *devecer* / *debecer*, polo que consideramos que se cadra foi algo precipitado establecer a súa grafía con *v*, contradicindo a tradición lexicográfica e literaria, que viña empregando maioritariamente unha grafía con *b*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Allen, Andrew (1981): "The Development of Prefixal and Parasyntetic Verbs in Latin and Romance", *Romance Philology* 35, 79-85.
- Alonso Núñez, Aquilino (2008): "La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castelo do Val (Ourense, España)", *Quaderni di Semantica* XXIX, 2, 343-392.
- Blánquez Fraile, Agustín (1982⁵): *Diccionario latino-español*. Barcelona: Ramón Sopena.
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latini Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [<http://corpus.cirp.es/codolga/>] [último acceso: 01/02/2010].
- CORGA = Rojo, Guillermo (dir.) (1994-): *Corpus de Referencia do Galego Actual*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [<http://corpus.cirp.es/corga/>] [último acceso: 20/02/2010].
- Corominas, Juan / José Antonio Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Costa, José Almeida / António Sampaio e Melo (1983⁵): *Dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Porto Editora.
- DCECH = Corominas, J. / J. A. Pascual (1980)
- DdD = Santamarina, A. (2006-2009)
- DDGM = González Seoane, E. (2006-2009)
- Dias, Adamir / Manuela Tender (2005): *Dicionário de trasmontanismos*. Chaves: Associação Rotary Club de Chaves.
- Dworkin, Steven N. (1985): "From *-ir* to *-ecer* in Spanish: the Loss of OSP. Deadjectival *-ir* Verbs", *Hispanic Review* 53, 295-305.
- Fernández Rei, Francisco. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreira, Aurelio Buarque de Holanda (1990): *Novo dicionário da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Gaffiot, Félix (1934): *Dictionnaire latin-Français*. Paris: Hachette [<http://www.lexilogos.com/latin/gaffiot.php>].
- García Arias, Xosé Lluís (2002-2004): *Diccionario General de la Lengua Asturiana*. Oviedo: Editorial Prensa Asturiana [<http://mas.lne.es/diccionario/>] [último acceso: 20/02/2010].
- García de Diego, Vicente (1985²): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa-Calpe.
- García Gallarín, Consuelo (1998): *Léxico del 98*. Universidad Complutense: Editorial Complutense.
- García González, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 27 de *Verba*).
- Gonçalves, Gabriel (1988): *O falar do Minho: Subsídios para o seu estudo com um glosário de provincianismos e formas divergentes*. Porto: Gabriel Gonçalves.

- González Seoane, Ernesto (dir.) (2006-2009): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [ed. dixital <http://sli.uvigo.es/DDGM/>].
- Iacobini, Claudio (2004): "Parasintesi", en Maria Grosmann e Franz Rainer (coords.), *La formazione delle parole in italiano*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 165-188.
- Lloyd, Paul (2003): *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*. Madrid: Gredos, reimpresión.
- Malkiel, Yakov (1941): "Atristar-Entristecer: Adjectival Verbs in Spanish, Portuguese, and Catalan", *Studies in Philology* 38, 429-461.
- Meyer-Lübke, W. (1974): *Grammaire des langues romanes. II Morphologie*. Genève-Marseille / Marsella: Slatkine reprints / Lafitte reprints [reimpresión da edición de París de 1890-1906].
- Niermeyer, Jan Frederik (ed.) (1854 [ed. C. van de Kieft, 1976]): *Mediae Latinitatis lexicon minus. Lexique latin médiéval-français/anglais A medieval Latin-French/English dictionary*. Leiden: E. J. Brill.
- Normas 2003 = RAG / ILG (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG / ILG, 18ª edición revisada.
- Pena, Jesús (1980): *La derivación en español. Verbos derivados y substantivos verbales*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 16 de Verba).
- Pena, Jesús (1993): "La formación de verbos en español: la sufijación verbal", en Soledad Varela (ed.): *La formación de palabras*. Madrid: Taurus, 217-281.
- Penny, Ralph J. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- Pharies, David (2002): *Diccionario etimológico de los sufijos españoles*. Madrid: Gredos.
- Rio-Torto, Graça Maria (1998): *Morfología derivacional. Teoría e aplicación ao portugués*. Porto: Porto Editora.
- Rodríguez Cruz, José (2007): *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende*. Ourense: Deputación de Ourense.
- Romero Lema, Francisco (1990): *Vocabulario de Soneira*. A Coruña: Real Academia Galega (Anexo 6 de *Cadernos de Lingua*).
- Santamarina, Antón (2006-2009): *Dicionario de Dicionarios*. Santiago: Instituto da Lingua Galega [ed. dixital <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- Santos, Maria José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*, vols. XII, tomo II; XIII e XIV. Coimbra (Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*).
- Scalise, Sergio (1994): *Morfologia*. Bolonia: Il Mulino.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/tmilg>] [último acceso: 01/02/2010].
- Väänänen, Veikko (1995): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos.